

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto simplificado/pluralidade de criterios obxectivos/tramitación ordinaria	
Obxecto	Servizo de tratamento, impresión, encartado e ensobrado de cartas e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos e a súa posterior entrega ao operador postal	
Número expediente	AVS 02002 23/35	CÍVIDAS 2020038241
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	27 de novembro de 2023	
Hora de inicio	12:07:00	
Hora de remate	12:30:00	
Asistente sen voto	Don Julián Reina Villalón, representante do grupo municipal PSOE.	
Excusa asistencia	Dona M ^a del Carmen Casal Fraga, xefa do servizo proponente do contrato (Facenda).	

Presidente:

Don Javier Pastor Díaz Mosquera, concelleiro delegado da área de Alcaldía; Promoción Económica e Emprego; Fondos Europeos; Participación e Atención Cidadá; Organización Interna e Contratación.

Vocais:

Dona Ana Elisa Quindós Lindín, xefa do servizo de Contratación; dona Susana María Sanjurjo Fraga, concelleira delegada da área proponente do contrato (Facenda); don Leopoldo Moure García, secretario xeral e don Luis R. Vázquez Parga, viceinterventor, en suplencia da interventora municipal.

Secretario/a

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (celebrada en data 20/11/2023)

Se aproba co voto favorable dos membros asistentes con dereito a voto que participaron na sesión anterior.

2.-Acto de valoración dos arquivos electrónicos-sobre único: “Documentación acreditativa do cumprimento de requisitos previos e oferta de criterios cuantificables automáticamente” para o expediente AVS 02002 23/35: Servizo de tratamento, impresión, encartado e ensobrado de cartas e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos e a súa posterior entrega ao operador postal.

O presente acto ten por obxecto proceder coa valoración das ofertas contidas nos arquivos electrónicos presentados no sobre ÚNICO polos licitadores concorrentes; acto suspendido na sesión

anterior nos termos recollidos en acta.

En primeiro lugar; deuse conta do informe de valoración emitido, en data 21/11/2023, pola xefa de servizo de Facenda e Patrimonio (*únese un exemplar como anexo á presente acta*).

Á visto do informado; o órgano de asistencia, co voto favorable dos membros asistentes con dereito a voto, acordou:

- Ponderar as ofertas presentadas ao procedemento coa puntuación recollida no informe de valoración, de data 21/11/2023 e identificar a baixa temeraria na incurren as ofertas presentadas polas seguintes licitadoras:
 - CONSORCIO DE MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES, S.L. (no que respecta aos prezos unitarios ofertados para *servizos de carta ordinaria e notificación PEE*)
 - TELEMAL S.L.U (no que respecta ao prezo unitario ofertado para *servizos de carta ordinaria*)
 - MAILING ANDALUCIA S.A. (no que respecta ao prezo unitario ofertado para *servizos de notificacións agrupadas*)
- Clasificar as ofertas presentadas por orden decrecente, coa puntuación recollida no antedito informe, e proponse a adxudicación do contrato a favor da empresa CONSORCIO DE MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES, S.L., por ser a oferta que acadou a maior puntuación; condicionando a adxudicación ao seu favor á correcta xustificación do prezo temerario na incorre a súa oferta, todo iso de conformidade co disposto no PCAP que rexe a licitación na súa cláusula 25 e epígrafe 16 do anexo I.

A clasificación final resultou como segue:

Sobre único					
		Prezo	Prazo	Total	Posto
CONSORCIO DE MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES, S.L.	*BT	81,65	10	91,65	1º
MAILING ANDALUCIA S.A.	*BT	73,58	10	83,58	2º
TELEMAL S.L.U	*BT	64,61	10	74,61	3º
SERMOGA OSSORIO FRANQUEO S.L.		60,05	10	70,05	4º
CGI Information System and Management Consultants España, S.A.(Sociedad Unipersonal)		59,74	10	69,74	5º
GUREAK MARKETING S.L.U.		33,19	10	43,19	6º

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

DILIXENCIA: Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 19/02/2024; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.